

ANPA AS BRAÑAS  
A/A SR/A PRESIDENTE/A  
LGAR. VENTIN, S/N,  
15895, BIDUIDO, AMES

Para o seu coñecemento e os efectos oportunos, comunícolle que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada o día 22 de marzo de 2019, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2017 (2ª REMESA).**

A Xunta de Goberno Local, na data 23 de agosto de 2018, aprobou a convocatoria de subvencións para promoción de actividades levadas a cabo por ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames no exercicio 2017, cuxas bases foron obxecto de publicación no BOP número 167, de 3 de setembro de 2018, así coma na Base de Datos Nacional de Subvenciones, 28 de agosto de 2018.

Polo órgano xestor emitiuse informe que se remitiu á comisión avaliadora que se incorpora ao expediente no que consta que, dentro do prazo sinalado no punto 6.2 das bases da convocatoria, as entidades que teñen presentado a solicitude para participar no procedemento son as seguintes:

| <b>ANPA</b>                                 | <b>CIF</b> | <b>ENDEREZO</b>                             |
|---|------------|---|
| ANPA CEIP AGRO DO MUÍÑO                     | G70130216  | AS CORTES, 15220, ORTOÑO                    |
| ANPA A MADALENA                             | G15956147  | PRAZA DA MADALENA, 16, 15895, MILLADOIRO    |
| ANPA CEIP A MAIA                            | G15344450  | AVDA. A PEREGRINA 37, 15220, BERTAMIRÁNS    |
| ANPA AS BRAÑAS                              | G15140486  | LGAR. VENTIN, S/N, 15895, BIDUIDO, AMES     |
| ANPA ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL FIGUEIRAS | G70309257  | RÚA FIGUEIRAS, 15895, MILLADOIRO            |
| ANPA IES PLURILINGÜE DE AMES                | G15608698  | AVDA. DA PEREGRINA, S/N, 15220, BERTAMIRANS |
| ANPA DO IES DO MILLADOIRO - ANPAMILLA       | G70386644  | TRAVESÍA DO PORTO S/N, 15895, MILLADOIRO    |
| ANPA MILLAPEQUES                            | G70133152  | TRAVESÍA DO PORTO, S/N, 15895, MILLADOIRO   |
| ANPA SAN MAURO                              | G15357767  | BAROUTA S/N, 15229, AMES                    |

A Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2018, aprobou a concesión de subvencións a aquelas entidades cuxa documentación era correcta, aprobando unha primeira remesa por importe de 8.260,00 euros.

Figura no expediente acta da comisión avaliadora de data 12 de marzo de 2019, así como informe favorable á concesión emitido polo departamento responsable, con data 7 de marzo de 2019 para a concesión de unha segunda remesa.

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal ( informe72/2019), de 20 de marzo de 2019 .

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguinte acordos:

**Primeiro.- Conceder** conforme ás bases da convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo por **ANPAS** dos centros educativos do Concello de Ames no exercicio 2017, as seguintes axudas correspondentes á **segunda remesa**, ás entidades e nas contías que se indican:

| ANPA                         | CIF       | CONTÍA MÁXIMA DA ACHEGA<br>SEGUNDO A BASE 4.1 | IMPORTE CONCEDIDO |
|------------------------------|-----------|---|-------------------|
| ANPA AGRO DO MUIÑO           | G70130216 | 2.000€  | 2.000€            |
| ANPA AS BRAÑAS               | G15140486 | 3.000€  | 3.000€            |
| ANPA IES PLURILINGUE DE AMES | G15608698 | 3.000€  | 1.827,35€         |
| ANPA MILLAPEQUES             | G70133152 | 2.000€  | 2.000€            |
|                              |           | <b>Total</b>                                  | <b>8.827,35 €</b> |

**Segundo.-** Dispor o gasto das subvencións concedidas por importe **8.827,35 euros** con cargo á seguinte aplicación orzamentaria **3261.48903** do orzamento municipal en vigor (2018 prorrogado para o 2019).

**Terceiro.-** Notificar aos interesados a resolución nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Cuarto.-** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

O que se lle notifica aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa poderá optar por:

- 1.- *Interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou este acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Si se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.*
- 2.- *Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa.*
- 3.- *Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.*

Ames, 26 de marzo de 2019

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo